

○ MUNDO ○ DE ERIC CARLE

– GUÍA DE LECTURA –



www.coruna.es/bibliotecas



BIBLIOTECAS
municipais

Unha eiruga moi larpeira. Eric Carle. Pontevedra: Kalandraka, 2005

The very hungry caterpillar. Eric Carle. London: Picture Puffins, 1974

La pequeña oruga glotona: títere de dedo. Eric Carle. Madrid: Kókinos, 2010

Á luz da lúa un ovo diminuto repousaba sobre unha folla. Un domingo pola mañá, cando o sol comezaba a quentar, PLOP!, do ovo saíu unha eiruga pequerrecha e moi larpeira.

Oso pardo, oso pardo ¿qué ves? Desliza y encuentra. Eric Carle. Madrid: Kókinos, 2011

Brown Bear, Brown Bear, what do you see?. Eric Carle. London: Puffin Books, 2007

Os libros interactivos son os preferidos dos nenos e nenas. Neste, un oso pardo, un pato amarelo, unha rá verde, unha ovella negra e moitas personaxes máis de todas as cores xogan a facer a mesma pregunta: “que ves?”. Ao deslizar unhas estratéxicas ventás, os nenos e nenas poderán atopar as diferentes respostas.

El grillo silencioso. Eric Carle. Madrid: Kókinos, 1990

Por moito que o pequeno grilo frotaba as súas ás non producía nin o máis mínimo son, nin un chío, e moito menos unha canción. Ata que unha noite atopa alguén que lle arrancará unha melodía. Un libro con sorpresa final.

A xoaniña rosmona. Eric Carle. Madrid: Kókinos, 2005


The Bad-tempered Ladybird. Eric Carle. London: Puffin Books, 1977

Era de noite e os vagalumes andaban a bailar ao redor da lúa. Ás cinco en punto da mañá saíu o sol. Unha simpática xoañiña chegou voando pola esquerda. Viu unha folla chea de pulgóns e pensou en comelos para almorzar. Nesas andaba, cando apareceu unha xoaniña rosmona pola dereita.

El camaleón camaleónico

Eric Carle. Madrid: Kokinos, 2004

A vida do camaleón é bastante aburrida. Ata que un día foi ao zoo. Viu animais tan distintos, grandes, elegantes e divertidos que quixo ser como cada un deles e como todos ao mesmo tempo. E ata se lle antollou ser como as persoas. Fíxose unha confusión tan monumental que, á fin, decidiu ser unha soa cousa.



Don caballito de mar. Eric Carle. Madrid: Kókinos, 2005

Mister Seahorse. Eric Carle. London: Puffin Books, 2006

Este libro pretende romper co estereotipo de que as femias son as únicas que se encargan do coidado dos seus fillos, responsabilidade que non asumen os machos. Cunha linguaxe sinxela e clara, Carle ofrece aos nenos e nenas diversas sorpresas non só polos nomes dos estraños animais mariños cos que se atopa Don Cabaliño de Mar, senón tamén polo peculiar xeito de facerse cargo das crías. Un fermoso canto á igualdade entre os sexos e a paternidade responsable.

La araña hacendosa. Eric Carle. Madrid: Kókinos, cop. 2006

A araña tecía e tecía a súa tea sen parar. Non tiña tempo para comer coa vaca nin para correr coa ovella nin para nadar co parrulo. Ata que apareceu unha mosca... E a ela si lle prestou a súa atención por un momento!

Diez patitos de goma. Eric Carle. Madrid: Kókinos, 2006

Dez patinhos de goma caen inesperadamente ao mar. Flotando, flotando, cada un cruzarase con peixes grandes, aves elegantes e animais divertidos. Pero só un patiño encontrará alguén moi especial. E a súa alegría poderase escoitar ao rematar o libro

Mi primer libro de las formas. Eric Carle. Madrid: Kókinos, cop. 2006

Mi primer libro de los colores. Eric Carle. Madrid: Kókinos, cop. 2006

Mi primer libro de las palabras. Eric Carle. Madrid: Kókinos, cop. 2008

Os máis pequenos poden aprender as cores, as formas, as palabras e os números de distintas maneiras. Ningunha tan orixinal como a destes libros de cartón, con cada folla partida ao medio (un debuxo arriba e outro abaixo) para que os nenos xoguen a buscar as dúas partes que se corresponden entre si. Divertiranse tanto descubriendo de que cor é a flor, se un papavento é un rombo, cantos amorodos hai ou unha palabra nova, que unha vez que descubran as respostas, empezarán a pasar as páxinas outra vez. E outra máis.

1,2,3 al zoo: aprende a contar

Eric Carle. Madrid: Kókinos, 2006

Unha visita ao zoo é máis que divertida. Sobre todo se o zoo viaxa en tren e leva 1 elefante, 2 hipopótamos, 3 xirafas, 4 leóns. Diferentes animais e diferentes números para ensinar a contar os nosos lectores de colo.



Papá, por favor, achégame a lúa. Eric Carle. Pontevedra: Kalandraka, 2006

Mónica quería xogar coa lúa, así que lle pediu ao seu papá que lla baixase. O papá trouxo unha escaleira larguísima e trepou ata chegar a ela. A lúa era demasiado grande, pero prometeulle que cada noite se faría máis pequena e entón xa lla podería levar... Un libro con páxinas despregables que mostra claramente onde debe estar a lúa.

El mensaje secreto de cumpleaños. Eric Carle. Madrid: Kókinos, cop. 2007

É o aniversario de Tomás, e en lugar dun paquete, recibe unha misteriosa carta escrita en código! Tomás, e o lector, seguen as pistas. Ao final, o tesouro escondido é un marabilloso regalo de aniversario!

¿Quieres ser mi amigo? Eric Carle. Madrid: Kókinos, cop. 2007

Un ratiño sae a buscar un amigo. Atopa diferentes colas marrón, verde, con plumas, graciosa, enredada, pero todas pertencen a animais que non están interesados na súa amizade. Por fin atopa unha cola pequena e gris. Poderá ser o seu dono o seu amigo?

O artista que pintou un cabalo azul. Eric Carle. Pontevedra: Kalandraka, 2012

Trátase dun libro para prelectores e primeiros lectores que, a partir dun texto moi simple, se van familiarizando con toda a gama cromática. Ademais, como se representa unha ampla sucesión de animais domésticos e salvaxes, pintados con formas, trazos e cores pouco convencionais, este álbum non só contribúe a reforzar a imaxinación, senón tamén a transmitir a importancia da liberdade creativa.

Una casa para el cangrejo ermitaño. Eric Carle. Madrid: Kókinos, 2013

A cuncha onde vive o Caranguexo Ermitán quedolle pequena. Atopa outra, pero é un pouco feocha. Ao longo de doce meses, unha anémona, unha estrela de mar, un ourizo, un caracol, un peixe-lanterna e moitos amigos máis axúdanlle a embelecela, limpala, iluminala e protexela. Ata que a casa lle queda pequena novamente, cédella a un caranguexo de menor tamaño e ten que saír a buscar outra...

La semillita. Eric Carle. Madrid: Kókinos, 2011

Dez sementes de xirasol son arrastradas polo vento. Enfróntanse a unha longa viaxe chea de aventuras. A semente máis pequeniña, tras vencer as dificultades, converterase nun radiante e fermoso xirasol. Un texto sinxelo pero poético. Arroupado por coloridos colaxes, explícanos o milagroso ciclo da vida.



¿Quieres ser mi amigo?

Eric Carle. Madrid: Kókinos, cop. 2007

Un ratiño sae a buscar un amigo. Atopa diferentes colas marrón, verde, con plumas, graciosa, enredada, pero todas pertencen a animais que non están interesados na súa amizade. Por fin atopa unha cola pequena e gris. Poderá ser o seu dono o seu amigo?

BIBLIOTECA MUNICIPAL ÁGORA

Rúa Ágora s/n
Tfno.: 981 189 886
bagora@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL CASTRILLÓN

Praza Pablo Iglesias s/n
Tfno.: 981 184 390 Fax: 981 184 391
bcastrillon@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL ESTUDOS LOCAIS

Rúa Durán Loriga 10, 1º
Tfno.: 981 184 386 Fax: 981 184 385
bestudiosl@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL MONTE ALTO

Praza dos Avós s/n 3º
Tfno.: 981 184 382 Fax: 981 184 383
bmontealto@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL OS ROSALES

Praza Elíptica, 1
Tfno.: 981 184 389 Fax: 981 184 351
brosales@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL FÓRUM METROPOLITANO

Rúa Río Monelos 1
Tfno.: 981 184 298 Fax: 981 184 295
bforum@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL INFANTIL E XUVENIL

Rúa Durán Loriga 10, baixo
Tfno.: 981 184 388 Fax: 981 184 385
binfantil@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL SAGRADA FAMILIA

Rúa Antonio Pereira, 1-3 baixo
Tfno.: 981 184 392 Fax: 981 184 393
bsagradaf@coruna.es





www.facebook.com/bibcoruna
@bibcoruna



○ MUNDO ○ DE ERIC CARLE

– GUÍA DE LECTURA –



www.coruna.es/bibliotecas



BIBLIOTECAS
municipais